

MATAR UN REISEÑOR

[Robert Mulligan, 1962]

255

PROYECCIONES EN NUMAX: 4, 13 E 19 DE XULLO ÁS 22:00H
V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

To Kill a Mockingbird (1962, 129')

Dirección: Robert Mulligan

Guión: Horton Foote (Novela: Harper Lee)

Elenco: Gregory Peck, Mary Badham, Brock Peters, Phillip Alford, John Megna, Frank Overton, Rosemary Murphy, Robert Duvall

Son: Corson Jowett, Waldon O. Watson

Montaxe: Aaron Stell

Vestuario: Rosemary Odell

Fotografía: Russell Harlan

Música: Elmer Bernstein

Produtoras: Universal (Estados Unidos)

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 1962 (Mellor actor —Gregory Peck—, guión adaptado, dirección artística e oito nominacións), Globos de Ouro 1962 (Mellor actor —Gregory Peck—, entendemento internacional e BSO, máis 5 nominacións), Cannes 1963 (Sección Oficial), David di Donatello 1962 (Mellor actor estranxeiro—Gregory Peck—), BAFTA 1962 (Nomeado a mellor filme e actor estranxeiros)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Verano en Louisiana, 1991

El próximo año a la misma hora, 1978

El otro, 1972

Verano del 42, 1971

La noche de los gigantes, 1968

Amores con un extraño, 1963

Cuando llegue septiembre, 1961

SINOPSE

Na época da Gran Depresión, nunha poboación sureña, Atticus Finch (Gregory Peck) é un avogado que defende a un home negro acusado de ter violado a unha muller branca. Aínda que a inocencia do home resulta evidente, o veredicto do xurado é tan previsíbel que ningún avogado aceptaría o caso, agás Atticus Finch, o cidadán máis respetábel da cidade. A súa compasiva e valente defensa dun inocente carréxalle enemistades, pero outórgalle o respecto e a admiración dos seus dous fillos, orfos de nai.

«Unha cápsula no tempo, preservando esperanzas e sentimentos dunha América máis amábel, agradábel e inxenua»

Roger Ebert, ROGERBERT.COM



MATAR UN REISEÑOR

[Robert Mulligan, 1962]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“Matar un reiseñor lembra a Faulkner, Twain, Steinbeck ou Hitchcock”

Crítica de Larry Tubelle escrita na estrea do filme (1962)

Matar un reiseñor, primeira e exitosa novela da escritora Harper Lee, chega á pantalla grande na forma nun filme pleno de arte e delicadeza. Producido pola Universal, o filme de Robert Mulligan é un logro significativo, cativador e memorábel, que se sitúa entre as grandes obras dos últimos anos. Todas as mans implicadas no filme poden estar orgullosas polo traballo ben feito. Obviamente é necesario un traballo coidadoso e agarimoso para levar a extensa prosa das páxinas impresas de Lee á esencia narrativa do cinema. O guión mordaz de Horton Foote e a observación instintiva e sensíbel do director Robert Mulligan, súmanse ao magnífico traballo de produción de Alan J. Pakula, que creou o espazo axeitado para atraer maravillosas actuacións.

No seu desenvolvemento escénico *Matar un reiseñor* lembra, por treitos, a obra de Faulkner, Twain, Steinbeck, Hitchcock ou a serie cómica *Our Gang*. O poder e a fascinación da historia repousa no abraiante contraste entre dous

elementos básicos da trama. Por unha banda o ataque directo aos prexuízos raciais do Sur profundo, combinado cun entrañábel relato do paso de dous nenos da fantasía infantil a un primeiro estadio de madurez, responsabilidade, compaixón e compromiso social. O filme narra a historia dun avogado de Alabama de voz suave, sabio e xentil, interpretado por Gregory Peck, que ten que defender a un home negro falsamente acusado de violación, namentres que ten que coidar aos seus fillos, orfos de nai, nunha contorna hostil, aterradora e intolerante que ademais se enfrenta á depresión económica dos anos trinta. A presenza de Peck, nun papel especialmente complexo, achega ao personaxe unha dose extra de fortaleza, dignidade e intelixencia. Un novo logro para un actor cuxo criterio para escolmar os papeis que encarna lévano a desenvolver unha filmografía coherente e de gran nivel.

Pero en ningún caso estamos a falar dun filme de Peck. Por caso, o traballo dos dous pequenos é sensacional. Mary Badham, de nove anos, e Philipp Alford, de trece, criáronse ambos no Sur máis profundo, desenvolvendo sorprendentes debuts no papel de dous nenos irreprimíbeis, ubicuos e irresistiblemente infantís. Máis dun afeccionado ao cinema ficará engaiolado ao relacionar aos dous pequenos coa súa propia infancia.

En canto ao traballo de Mulligan, o seu logro vai moito máis aló da súa capacidade para definir con trazo fino os seus personaxes. Resulta especialmente remarcábel a maneira en que infunde e aumenta a tensión en varias escenas

aterradoras que resultan absolutamente esenciais. A percepción da ameaza non se pode expresar de mellor maneira que desde os ollos do propio espectador, especialmente cando este se identifica coa ollada dos nenos e aí destaca o exemplar traballo do punto de vista da cámara de Russell Harlan nas escenas máis inquietantes. O mesmo acontece nas longas escenas do xuízo no que Mulligan e Harlan traballan en equipo para atoparen imaxinativas solucións visuais. A marabillosa textura e composición da imaxe de Harlan xera innumerábeis imaxes que permanecen na nosa mente.

O traballo de edición de Aron Stell axústase á estrutura do guión, que divide a historia en dous, ao situar no núcleo a secuencia central do xuízo. Os directores de arte Alexander Golitzen e Henry Bumstead recrearon en Hollywood a aldea de Alabama de 1932 con abraiante resultado. Por último, mais non menos importante, a banda sonora de Elmer Bernstein resulta fundamental, doce e infantil nas escenas de natureza, mais con capacidade para resultar inquietante cando a escena o require.

Publicado en <http://variety.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Matar a un ruiseñor, Harper Lee.
Ediciones B, 2006

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

